Amor e renuncia, un melodrama moderno
Estro Montaña, *Faro de Vigo*, 8 de novembro de 2018

Hugin e Munin vén de publicar unha novela que fixo fortuna en terras gregas e que foi traducida a numerosos idiomas: *Pequena Inglaterra*, título que fai referencia á illa de Andros, bañada polo mar Exeo, e que serve de marco espacial a un relato que nos pon diante a vida dunha comunidade mariñeira ao longo dunha parte importante do século XX, que inclúe a Segunda Guerra Mundial e a Guerra Civil que xurdiu ao final daquela traxedia. *Pequena Inglaterra* é tamén o nome polo que coñecen os mariñeiros da illa o barco afundido en 1943 por un torpedo alemán e no que perdeu a vida o mariñeiro Spiros Maltabes. A novela conta a historia da familia de Savvas Saltaferos, capitán de barco cunha complicada vida e que garda un segredo na Arxentina. Saltaferos está case sempre ausente, e na súa casa Mina, a esposa, asume o rol de muller de ferro, que decide as vodas e o futuro das fillas provocando unha difícil relación baixo as paredes do fogar no que conviven varias xeracións, con amores cruzados, xenreiras, ciúmes, medias verdades, sentimentos de ansia e traxedia que culminan coa morte de Orsa, unha das irmás, que de nova estaba namorado de Maltabes. Orsa, que se empeñara en casar cun home ao que amase, viu como era Mosha, unha irmá máis nova, a que compartiría o leito co seu namorado, mentres ela vivía cun home rico "demasiado bo e benévolo"; por mor dun "matrimonio amañado". A novela trasládanos de continuo desde a casa, que é unha illa dentro doutra illa, á vida do grupo para poñer de manifesto as preocupacións da comunidade, a solidariedade, as esperanzas, os perigos, os amores e os medos. Na parte final, os ecos da Guerra Mundial, as consecuencias posteriores en Grecia e o enfrontamento civil entre irmáns fan que o texto poña de manifesto as repercusións na illa dos acontecementos históricos e a súa influencia no vivir cotián. América será tamén un lugar significativo na obra, un continente perdido na distancia no que se pretende atopar o vélaro de ouro, pero si o territorio dun novo futuro. Como curiosidade digamos que Oras pasa polo mar rixo de Fisterra, desde onde o seu home, Nikos, "buscaba os cantís de Vigo", momento que o narrador aproveita para dicir que ambos os dous encontraron goletas, veleiros e vapores que atoparon aquí o seu derradeiro peirao. Cunha rica linguaxe, variando os rexistros, e un ton poético, a autora levanta un fresco dunha comunidade mariñeira chea de conflitos, máis propia dun melodrama moderno que dun mundo de relacións harmónicas e ideais. Ioanna Karistiani comezou no mundo artístico como humorista gráfica en xornais e revistas. Despois publicou relatos e varias novelas. Con *Pequena Inglaterra* gañou o Premio Nacional de Narrativa. É tamén guionista; de feito, a película *Pequena Inglaterra*,

dirixida polo seu home, pero con guión da novelista, foi distinguida como mellor longametraxe de ficción no Festival de Shanghai de 2013.

KARISTIANI, Ioanna, *Pequena Inglaterra* (trad. Alfonso Blanco) Ed. Hugin e Munin, Santiago, 2018, PVP 16,5 €